

OS CÁNIDOS

Os cánidos son animais vigorosos e veloces, son carnívoros, teñen fortes mandíbulas e dentes, son cazadores e carroñeiros e normalmente cazan en manadas.


Non adoitan ter boa vista pero teñen moi bo oído e olfato e guíanse por él. A femia paire 1 ou 2 crías por camada, os primeiros días maman, pero logo a nai aliméntaos con carne que ela mesma mastiga ata que eles son capaces de mastigar por si mesmos. Hai cánidos domésticos e salvaxes.



O can doméstico foi o primeiro en ser domesticado e é o mellor amigo do home. Durante miles de anos coidou os seus rebaños, gardou as súas casas e axudoulle a cazar. Hai máis de 100 razas de cans domésticos. Podémolos subdividir en **deportivos** e **non deportivos**. Pertencen o grupo dos deportivos os cans de caza. Dentro dos non deportivos incluiremos os de traballo, e os de compañía.

Dentro das múltiples razas que hai de cans de caza podemos citar o setter, o pointer, o spaniel ou o terrier, este último é moi útil para cazar animais en tobos subterráneos, ou os galgos que debido a súa velocidade son bos para a caza da lebre e do coello.




Con respecto os cans de traballo podemos citar ós pastores, que como o seu nome indica, axudan a coidar os rebaños, os cans guías que axudan ós invidentes ou os cans esquimós que arrastran os trineos.



O can doméstico más pesado é o San Bernardo, que pode chegar a pesar uns 100 Kg. Sen embargo é más alto o lebrel irlandés. Este último mide uns 80 cm de altura e o San Bernardo "so" 70 cm. Calquera deles é ben maior que o chihuahua ou o

terrier de York que anda polo 1/2 kg de peso. O chihuahua mide uns 12 cm de alto desde os pezuños ós ombros, más ou menos coma unha lata de comida. Ademais non ten pelo.

En canto a velocidade, o más rápido é o saluki que alcanza uns 70 km/h; o galgo, inda que tamén moi veloz, é más lento, non pasa dos 60 km/h.



COMPRENSIÓN

¿Como son os cánidos?

Cando deixan de mamar ¿cómo se alimentan?

¿Cantas razas de cans domésticos hai?

¿Cal é o can máis alto?

¿E o más pesado?

Na lectura fala de un can que non ten pelo. ¿Cal é? ¿Canto mide?

¿Cal é o can más rápido? ¿Que velocidade alcanza?

Hai un sentido que os cánidos non adoitan ter moi desenrolado ¿Cal é?

Cita algunha raza de can deportivo

Cita agora algunha raza de can non deportivo

ACTIVIDADES

1. Ordena esta frase para que teña sentido:

mellor é amigo O o do home can

2. Completa coas palabras do recadro:

Os poden vivir nos, nas
..... ou ata nunha Aliméntanse de
..... pequenos, e do que no
..... Mientras teñen pequenos en
....., logo viven ou en

filhos, raposos, cidade, parellas, desertos, atopan, montañas, sós, viven, animais, manadas, lixo

3. Escribe este parágrafo en plural










O can foi o primeiro animal en ser domesticado e é o mellor amigo do home. Coida o seu rebaño, garda a súa casa e axúdalle a cazar. Non adoita ter boa vista pero ten moi bo oído e olfacto e guíase por el. A cría é alimentada pola súa nai ata que é capaz de o facer por si mesma.


4. Busca na sopa de letras:

cánidos, setter, pointer, terrier, pastor, galgo, chihuahua, saluki

C	E	R	T	A	S	E	R	C	D	R
R	H	E	N	F	R	I	A	A	R	A
E	S	I	O	R	P	I	O	N	O	L
I	S	I	H	R	E	T	N	I	O	P
R	S	A	L	U	K	I	O	D	E	A
R	A	E	D	G	A	L	G	O	D	S
E	S	A	D	A	N	H	R	S	A	T
T	A	E	A	E	A	E	U	D	R	O
C	M	E	X	T	I	R	B	A	I	R
S	E	T	T	E	R	M	E	L	O	A

5. Rodea os que sexan iguais o modelo:





6. Describe un can que coñezas e logo faille un debuxo:

7. Completa coas palabras do recadro:

Durante miles de anos axudoulle

Coidou os seus , gardou as súas e

axudoulle a Podémolos subdividilos en **deportivos** e **non deportivos**. Pertencen o grupo dos deportivos os

Dentro dos incluiremos os de traballo, e
os

non deportivos, ó home, de compaña, casas,
cazar, rebaños, o can, cans de caza

8. As sílabas deste cadro están desordenadas. Se as ordenas formarás palabras:

pa	com	ña
do	ni	cá
ki	sa	lu
ni	mal	a
dor	ca	za
es	mo	qui
llo	ba	tra
ba	re	ño
to	res	pas

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

9. Escribe o que din estas frases:

Os cánidos teñen moi bo oído e olfato e guíance por el

.....

O can doméstico máis vecado é o San Bernardo

.....

10. Atopa 8 diferencias:

